



O Xurado do II Premio Escolar Otero Pedrayo, integrado por Xesús Alonso Montero, Gonzalo Allegue, Andrea Estévez, Estro Montaña e Susana Reboreda, reuniuse en Vigo o xoves 2 de marzo de 2023. Tras longa deliberación e debate acordou:

1. Concederlle o premio ao traballo en grupo o proxecto titulado “Otero Pedrayo e Ribadeo”, presentado baixo o lema “No xardín”, por seis alumnos de 2º de Bacharelato do IES Dionisio Gamallo Fierros de Ribadeo. Os autores deste rigorosísimo proxecto son Ángela Fernández González, Nora Maseda Freije, Lucía Miranda Santamarina, Antón Suárez García, Estela Veiga García e Claudia Vizoso González que traballaron baixo a supervisión dos profesores Suso Fernández Acevedo e Modesto Refojo Alvariño.

O xurado destaca neste primeiro premio a calidade do texto e do vídeo documental, as fontes que se exhuman e a novidade dos materiais empregados. O xurado considera ademais que o grupo de estudantes realizou un esforzo importante na investigación da obra e vida do Patriarca das Letras Galegas e foi quen de relacionar este traballo coa realidade xeográfica do lugar onde se ubica o seu centro de ensino. Por todo isto queremos transmitirllas os premiados os nosos máis sinceros parabéns.

2. O xurado acorda, en segundo lugar, conceder o premio individual na categoría de ESO a Patricia Fernanda García Pereira, alumna

de 4º de ESO do IES As Barxas de Moaña, polo traballo de animación baseado no relato “O vello e mais o río”, presentado baixo o lema “JMD”. O xurado entende que traslada de forma conmovedora, harmónica e ao mesmo tempo sinxela, o contido relato oteriano. Modernizando o discurso do escritor ó achegar o texto á estética dos debuxos orientais tan próxima ás novas xeracións.

3. En terceiro lugar, o xurado decide entregarlle o premio individual na categoría de Bacharelato a Alexandre Faria Léxico, estudante de 1º de Bacharelato no IES Castelao de Vigo, por “O conto número 21”, presentado baixo o lema “Dandelion”. O xurado destaca no seu texto o dominio literario que demostra e a calidade lingüística do estudante que deixa patente unha aproximación madura e documentada á narrativa oteriana.

Ademais dos premios estipulados nas bases, o xurado, desexa conceder os seguintes accésit en recoñecemento ao traballo realizado e ó resultado acadado:

1. Na categoría indivual a David Martínez Fernández estudante do IES Aquis Querquernis de Bande polo seu traballo sobre Francisco Fernández del Riego na voz poética de Ramón Otero Pedrayo
2. Na categoría grupal:
  - A Iago Estévez Vázquez, Ramón Incera González e Nicolás Carballido Sánchez do IES Castelao de Vigo polo seu traballo sobre os artigos de Ramón Otero Pedrayo en El Pueblo Gallego do 1 de xaneiro ao 30 de xuño do ano 1934.

- A Miriam Lago Álvarez, Lucía Fernández Rodríguez, Aroa Uribe Vilariño, Yeray Álvarez Sanz, Sandra Santervás Beiro e Lucía Carrera García tamén do IES Castelao polo seu traballo sobre Otero Pedrayo en El Pueblo Gallego nos días anteriores ao plebiscito de Autonomía.
- A Pablo Antelo Paredes, Xulia Arán Paredes, Sara Blanco Rodríguez, Lola Collazo Couto, Cristina Corzón Veres, Lucía López Bello e Ana Vázquez García do IES Isidro Parga Pondal polo seu traballo sonoro sobre a viaxe de Otero Pedrayo a San André de Teixido.

De todo o dito dou fe como secretaria da Fundación Otero Pedrayo, en Vigo, o 2 de marzo de 2023 cando son as 18 horas 35 minutos

Patricia Arias Chachero